

hai 2 días | [Movementos sociais](#)

Os colexios oficiais de Traballo Social, Educación Social e Psicoloxía únense ás críticas á Valedora



Marcos Pérez Pena

As [declaracións](#) realizadas pola Valedora do Pobo, Milagros Otero, sobre as persoas sen fogar ("hai que darlles unha solución e esa solución será incapacitalos en moitos casos e sometelos a un tratamento se padecen adiccións"), [que foron rexeitadas este martes polo Movemento Galego da Saúde Mental](#), veñen de recibir tamén as críticas doutros colectivos profesionais. O [Colexio Oficial de Traballo Social](#), o [Colexio Oficial de Educadores e Educadoras Sociais](#) e o [Colexio Oficial de Psicoloxía](#) publican un comunicado conxunto no que alertan de que as palabras de Milagros Otero constitúen "un novo estigma" e son "antipedagóxicas a nivel social de cara ás persoas que teñen unha enfermidade mental".

O documento salienta sobre todo a proposta realizada pola Valedora de que estes cidadáns sexan *incapitados*: "A incapacitación civil é unha figura coa que non se debe banalizar porque supón a anulación de parte ou da totalidade dos dereitos civís dunha persoa, dereitos sobre os que se fundamente o concepto de persoa como tal". **"As afirmacións da Valedora falan da eliminación dun problema, como se ese problema fose algo abstracto e non estivesemos a falar de seres humanos"**, denuncian os tres colexios profesionais, que alertan de que "a súa proposta vai cara á súa exclusión, á súa eliminación do espazo público, ben sexa porque queren ou, se non queren, pola forza. Dese xeito, eliminamos a estas persoas do noso campo de visión para que a súa presenza non nos recorde que non hai café para todo o mundo nin as eivas do sistema social no que vivimos".

Tamén fan fincapé na suxestión realizada por Milagros Otero de que estas persoas deberían ser forzados a seguir un tratamento. Subliñan que "forma parte da dignidade da persoa ter capacidade para decidir se quere ou non recibir un tratamento. Dun lado, porque se ten demostrado que son ineficaces se van contra a vontade da ou do individuo e do outro porque nega a súa liberdade". E lembran un documento publicado pola propia Oficina do Valedor do Pobo, iso si, noutro tempo (en 2010), que

concluía que "a existencia das persoas sen fogar non pode resolverse a curto prazo e que vai seguir caracterizando a vida dos espazos cidadáns".

Os colexios engaden que **os problemas de convivencia que poidan existir deben solucionarse a través de "sucesivas medidas de intervención social"**, e non "dunha resposta que nega a condición de persoa, de cidadanía, das persoas afectadas".

"Unha sociedade caracterízase por como trata a cidadanía que ten pouco ou nada. Isto pasa por non facer abordaxes simplistas de cuestións tan poliédricas como a exclusión social, polo compromiso dos poderes públicos e por implicar a sociedade na erradicación destes fenómenos", conclúen as tres entidades.

COA TÚA [ACHEGA](#) FAS POSIBLE QUE SIGAMOS PUBLICANDO NOVAS COMA ESTA.

OUTRAS NOVAS RELACIONADAS:

hai 5 días | [Movementos sociais](#) |

[Profesionais da saúde mental censuran as "declaracións agresivas" da Valedora sobre as persoas sen fogar](#)

Praza emprega cookies só para analizar as visitas; non se garda información persoal dos usuarios. **Vale**